

COMISIÓN INFORMATIVA DE POLÍTICAS SOCIAIS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de novembro de 2023**

Ás 17.04 horas do día 16 de novembro de 2023, reúnese a Comisión Informativa de Políticas Sociais, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D.^a Teresa Barge Bello

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurenitno Alonso Araújo

D.^a Marina Vaz Quintillán

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2023.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de outubro de 2023.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:
Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Políticas Sociais do día 19 de outubro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.ª María José Mangana Guede, do BNG, pregunta respecto a traballadores/as do SAF, pola aplicación informática que había para xustificar as axudas de asistencia básica. Indica que polo visto se suprimiu a aplicación e agora a xustificación se vai facer por uns anexos que se remitiron por mail e pregunta se se vai retomar a aplicación ou se a xustificación vai ser a través do correo electrónico ou se vai implementar outro tipo de plataforma ou aplicación.

O Sr. presidente sinala que descoñece este tema.

D.ª Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, sinala que é mellor que se faga un informe dende a área. Engade que actualmente están intentando actualizar a aplicación e poñela ben e solucionalo, xa que o normal é facelo a través de medios electrónicos, non a través de papel. Aínda que moitos concellos están con papel pero están intentando solucionalo.

D.ª María José Mangana Guede, do BNG, sinala que os concellos transmiten que non teñen información sobre o que se vai facer.

D.ª Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, pregunta pola programación desta Deputación para a celebración do 25N.

D.ª María Teresa Barge Bello, do Grupo Popular, responde que está pechado o acto principal que se celebrará o día 23. Anunciouse no Pleno e na Comisión un concurso entre todos os colexios de todos os niveis de ensinanza, para que participaran no lema “eu non me calo”. A entrega de premios vaise celebrar o día 23 ás 18:30 horas no salón de plenos desta Deputación. Tamén se realizará unha ofrenda floral no parque da igualdade.

D.ª Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, di que a principios do ano 2021 se aprobou, por unanimidade, unha moción do Grupo Socialista sobre as medidas da soidade non

desexada. En relación a esta problemática a Deputación puxo en marcha o programa “Ben Ourense” e pregunta se vai quedar neste plan ou se a Deputación ten previsto cumprir as medidas acordadas nesa moción.

D.^a Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, responde que o plan de soidade non desexada é unha prioridade e xa se incrementaron programas como o termalismo no que se implantou en tres concellos con carácter piloto e ampliarase proximamente a outros concellos por ser unha medida positiva. As súas políticas van seguir traballando nese tema. Engade que temos un alto índice de persoas maiores, pero quere que teñan unhas garantías e unha boa saúde física e mental que tamén é importante. Na Área de Benestar están traballando para mellorar a soidade de xente maior e tamén xente nova que vive soa e que se ve afectada. Considera que é un tema importante para todos. A Área de Benestar e un área moi implicada nese sentido, é un tema importante e agradece as propostas que poidan facer sobre este tema. Engade que aos profesionais sanitarios lles preocupa moito a saúde mental.

E, ás 17.10 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.